

OS ALCUMES NAS ENCROBAS

Pilar Zapico Barbeito
Centro Ramón Piñeiro

Antes de principiar este sucinto estudo sobre os alcumes presentes na parroquia das Encrobas, estimamos axeitado explica-la súa estruturación en dous apartados ben diferenciados.

En primeiro lugar, presentáremo-las circunstancias actuais da zona, xa que nos dispoñemos a falar de alcumes e nomes de casa dunha parroquia que hoxe en día non existe.

É necesario aclarar-las circunstancias da desaparición dun lugar para que se comprenda o necesario deste labor de recuperación dun corpus onomástico actualmente case perdido, pois tanto os nomes de casa coma os alcumes desta parroquia iniciaron un proceso de transformación hoxe practicamente finalizado. Este proceso veu provocado pola eliminación da referencia física que os motivaba, que orixinou a desconexión veciñal e o afastamento xeográfico que hoxe presenta a comunidade.

En segundo lugar, faremos un breve comentario que versará sobre as características máis importantes do corpus de alcumes das Encrobas, precedido por unha concisa introdución teórica.

1. Historia das Encrobas

A parroquia de San Román de Encrobas era unha das seis que integraban o concello de Cerceda, situado no norte da provincia da Coruña, na área de transición entre As Mariñas, Bergantiños e Ordes. No tempo do Antigo Réxime parte desas parroquias estiveron baixo a xurisdición das Encrobas, sobre a que exercía o seu señorío o Marqués de Astorga. A zona mantívose ata ben entrado o século XX en extremo illada e incomunicada: de feito, ó observalo mapa catastral do ano 1929, podemos constatar como ningunha estrada de importancia lindaba co concello. Orixinariamente compúñase de corenta aldeas, dispostas arredor do val de Meirama. Eran algúns dos seus nomes –segundo a *Geografía del Reino de Galicia* de Carreras e Candi (1980)–:

Rañoa, Soriga, Campo-Rapado, Guichar, Gontón, Croeda, Enfesta, Ferreiría, Francelos, Pontoso, Aveira, Burís, Lousa, Lucín, Marganás, Outeiral, Pedra-Grande, Quintán, Entrambas-Rías e Figueira. Ata a Guerra Civil a freguesía de Vilar tamén pertencía á parroquia, pasando despois a depender directamente de Cerceda. De todos estes núcleos de poboación o máis antigo resultou se-la parroquia de San Román das Encrobas, obxecto do noso estudo. Así o demostran as escavacións arqueolóxicas realizadas na igrexa parroquial durante o proceso de traslado nos anos noventa, pois as conclusións do estudo realizado entón afirman que o asentamento orixinal data de épocas anteriores á conquista de Galicia polos romanos. Existen aínda outras zonas que foron mencionadas polos nosos informantes ó referirse ó lugar de procedencia orixinal dos alcumados. Aínda que estritamente pertencen ó campo de estudo da microtoponimia, consideramos de interese consignalas aquí; son estas: San Cosmade, Boián, Vidual, Silva Redonda, Pomariño, Capilla, Fontenlo, Morzós, Soriga, Villanueva, Cotiño, Petón, Barroso, Gosende, Costiña, Pedro Marcón, Brea, Belesar, A Escádoa, Arroio, Loureiro, Buenos Aires e Gustovedro. De toda a toponimia antes citada só se conserva hoxe unha mínima parte, debido ás diversas vicisitudes que atravesou a parroquia durante as derradeiras décadas do século XX, que marcaron de maneira irreversible a situación actual da zona.

Podemos destacar dous momentos críticos, relacionados ámbolos dous co descubrimento, durante os anos setenta, dun gran xacemento de lignito –un tipo de carbón– que comprendía na súa extensión moitos dos lugares dos que antes falamos, sobre todo aqueles situados nas ladeiras e no fondo do val. Aqueles asentamentos localizados en puntos máis afastados resultaron nun primeiro momento menos afectados. Este foi o caso do propio asentamento das Encrobas, considerado centro da parroquia, pois era o lugar onde estaban situados os lugares de reunión máis importantes do lugar, como podían se-la igrexa parroquial, o cemiterio, o bar, a escola ou a parada do autobús que diariamente comunicaba esta comarca coa cidade da Coruña.

1977 é a data do primeiro disturbio de importancia, xa que a descuberta do lignito desencadeou un inmediato proceso de expropiación forzosa por parte do goberno nas zonas implicadas. A falta de acordo entre empresa e veciños foi provocada principalmente polo traumático desaloxo que sufriron os afectados –moitos deles de avanzada idade– do seu fogar ancestral e familiar e o posterior traslado a outros emprazamentos localizados en zonas dispersas e illadas. As modernas localizacións foron proporcionadas pola empresa e presentan importantes carencias de orde arquitectónica e funcional. Todo o antes mencionado, unido á escaseza das compensacións económicas, orixinou o comezo dunhas rexas estratexias de resistencia, que tiveron o apoio e a implicación de organizacións agrarias e sindicais. Estas protestas víronse concretadas en actos como manifestacións secundadas por unha parte da intelectualidade galega da época ou incluso enfrontamentos directos entre afectados e Garda Civil, de ampla repercusión na prensa. Desta forma, o conflito acadou proporcións nacionais. Os veciños remataron espallándose por diversas zonas de Galicia, nun éxodo que provocou o distanciamento dos membros das familias e, en xeral, a dispersión dunha gran parte da parroquia, pois a maioría dos implicados non acep-

tou as vivendas ofertadas pola empresa antes mencionadas. De feito, se observámo-lo censo do ano 1975, contabilizábanse nas Encrobas 1.444 habitantes e 241 familias, mentres que o ano 1991 amosa uns datos moito máis reducidos: un total de 532 habitantes e 159 vivendas principais. Destas últimas, máis da metade xa desaparece-ron (Herrero Pérez, 1995:13).

O segundo e definitivo conflito data da década dos noventa, e incidiu no resto dos lugares e aldeas que antes se salvaran de ser incluídas nos plans de expropiación. O novo enfrontamento entre empresa e comunidade derivou da excesiva profundida-de que chegou a te-la explotación a ceo aberto da compañía mineira, o que motivou a aparición de profundas fendas en edificios e terreos pertencentes a zonas lindantes. Esas fendas chegaron a ter tanta importancia que provocaron unha urxente evacua-ción por mor do inminente perigo de derrubamento, o que aconteceu en edificios considerados alicerce da comunidade veciñal coma a casa reitoral, os panteóns do cemiterio ou a igrexa. Neste caso as protestas realizadas non tiveron practicamente eco na sociedade. Aínda así, os afectados fixeron un fronte común contra a empresa para defende-las súas terras e vivendas, e as reivindicacións tomaron unha nova orienta-ción, enmarcada nun ámbito de mantemento e recuperación da identidade común. Exemplos desta nova orientación das protestas son actividades como a realización de exposicións de fotos relacionadas coa vida na aldea ou a recuperación de vellas tradi-cións case en desuso. O máis importante sostén da loita foi, con todo, o teimoso man-temento do culto na igrexa parroquial, que se encontraba, como dixemos, entre os edificios máis afectados polas fendas. A forza do pobo das Encrobas mantivo o culto no lugar, incluso desatendendo a vontade das autoridades eclesiásticas. Nesta ocasión, as principais peticións dos veciños centráronse, en primeiro lugar, na reivindicación do traslado da igrexa e do cemiterio -símbolos centrais da parroquia- a unha zona máis elevada onde non sufrisen de novas fendas. En segundo lugar, pediron negociar novas compensacións económicas de carácter colectivo, que a empresa rexeitou. Deste modo, a expropiación non se fixo de forma común, causando un progresivo abando-no da aldea veciño a veciño e evitando acordos de asentamento comunitario, acada-dos en parte no anterior conflito. A soidade dos veciños que quedaban e a tristura dos que ían marchando, que vían como a empresa derrubaba sistematicamente as casas patrimoniais, marcou os últimos días da existencia da parroquia. Tanto a primeira das reivindicacións –o traslado pedra a pedra da igrexa románica– como os aspectos rela-cionados coas compensacións económicas foron atinxidos só en parte. O reasenta-mento realízouse dun xeito apresurado e tivo consecuencias traumáticas para o pobo, que viu como os restos mortais dos seus familiares que se atopaban soterrados no adro do templo non eran trasladados, sendo remexidos posteriormente por maquinaria da compañía mineira. Aínda agora, anos despois, no que hoxe é un terreo baleiro, pode verse o día de defuntos a familiares dos soterrados colocando flores no chan no seu recordo. O aspecto arqueolóxico e os labores de recuperación patrimonial tampouco foron tidos en conta pola empresa. As escavacións na igrexa mostraron a existencia dun camposanto medieval intacto con abundantes restos, que non foron recuperados e sufriron a mesma sorte cá dos finados do adro da igrexa.

Agardamos que esta síntese da historia da parroquia das Encrobas servise para contextualiza-la nosa análise do corpus dos alcumes nesta freguesía e aclarar, deste modo, unha das causas fundamentais que a determinaron, que non foi outra cá de realizar unha tentativa de recuperación dun trazo representativo dun lugar que actualmente, como xa se dixo, non existe como tal.

2. Alcumes nas Encrobas

A segunda parte do noso estudo oríentase cara á realización dunha concisa análise do corpus de alcumes recollidos na parroquia das Encrobas, precedida por unha breve introdución teórica.

2.1 O alcume. Descrición xeral.

Pódese defini-lo termo *alcume* como un trazo caracterizador propio dunha persoa usado como denominador común (Anido Silvosa / GonzálezRei, 1999: 50). Algunhas das súas características definitorias son: a súa unicidade e orixinalidade, o variado mecanismo de creación ou a non regulación xurídica do seu uso. A estrutura fixa está motivada por causas lúdicas e pragmáticas, mentres que a brevidade formal facilita a concentración do sentido e a economía lingüística. Hai que mencionar, así mesmo, a invariabilidade do alcume, que o equipara en certo modo ó nome propio, e tamén a particular orixe da súa formación, localizada nun acto creador individual. Nace, desta forma, un neoloxismo consciente que calla na sociedade. Non se trata, pois, dun elemento froito do azar, senón que o alcume é unha caricatura verbal que moitas veces se herda, pasando así de xeración en xeración. As primeiras noticias que se teñen da utilización destas variantes antroponímicas datan do Imperio Romano, e xa na Idade Media o alcume tiña un uso xeneralizado como elemento diferenciador persoal. A razón da súa utilización partía da necesidade dunha individualización progresiva da persoa ó longo do tempo, pois a presenza cada vez máis frecuente de antroponimos que se repetían dentro dunha comunidade provocaba problemas resoltos grazas ó uso deste recurso. A existencia hoxe en día de alcumes concretos inseridos dentro de grupos sociais determinados denota unha evolución no seu uso. É lícito afirmar que os sobrenomes cumpren unha función social, a de facilita-las relacións humanas pois, grazas ó seu labor descritivo, o individuo pode definirse cara á sociedade. O uso dos alcumes é propio das comunidades tradicionais e son unha das mellores mostras da súa creatividade. Hoxe por hoxe tanto os alcumes coma os nomes de casa, que se mantiveron dende sempre como mostras da gran forza que entre o pobo tiña a lingua galega e que son probas da resistencia á castelanización, manifestan unha tendencia á baixa. Algúns, con todo, consérvanse, e o ritmo de creación, aínda que máis lento, existe. As zonas que amosan máis produtividade canto á creación e uso son as rurais, pero tamén é posible detectar este fenómeno en vilas e mesmo —aínda que rara vez— en cidades.

Existen gran cantidade de variantes léxicas dos alcumes en Galicia: *alcuño*, *alcuña*, *adeallo*, *nomeada*... (*Gran Diccionario Xerais da Lingua*, 2000:82). Todas estas for-

mas teñen a súa orixe etimolóxica no termo árabe *ÁR KUNYA*, que inicialmente viña significar apelido ou título de calidade, e tamén sobrenome. Frecuentemente a consideración do alcume ten carácter negativo. Tanto as entradas do *Diccionario da Real Academia Galega* coma as do *Gran Diccionario Xerais da Lingua* inclúen en primeiro lugar connotacións achegadas á variante do sobrenome denominada *malnome*. O primeiro deles aclara na entrada «alcume»:

Nome que se lle dá a unha persoa, tomado dos seus defectos físicos, morais ou doutras circunstancias (1997:53).

Os graos de recepción e aceptación do apelativo por parte do acumado son variados. O sobrenome moitas veces reflicte o concepto que ten o pobo dun membro da comunidade. Hai ocasións nas que o individuo afectado pode chegar a unha identificación co seu sobrenome, principalmente se este é neutro ou positivo, mentres que as persoas designadas cos denominados *malnomes* ou alcumes de carácter negativo soen rexeitalos, aínda que en gran parte das ocasións teñan que levarlos con resignación. No noso corpus as alcuñas case sempre son positivas, mentres que as negativas están presentes nunha porcentaxe moito menor.

2.2 Os alcumes das Encrobas. Análise.

Os informantes utilizados para a recompilación do corpus de alcumes da freguesía de San Román das Encrobas foron o matrimonio composto por Narciso Barbeito Varela, natural do lugar de Guichar, de 86 anos de idade, e Amparo Elena Varela Riomayor, nacida no municipio de Zas, na provincia da Coruña, dos mesmos anos. Actualmente viven no concello de Carral, aínda que residiron na aldea ata o momento da súa desaparición. A proximidade cun dos núcleos sociais máis importantes da parroquia, a casa reitoral, propiciou un contacto directo da parella co pobo, volvéndose así, ó longo dos anos, grande coñecedora da vida na zona. O informante considerado por nós máis completo foi Narciso Barbeito que, ó ser natural da zona, resultaba unha fonte máis fiable en aspectos coma o da localización da sílaba tónica ou en elementos como a presenza ou ausencia da gheada. Para facer máis accesible o corpus de sobrenomes, decidiuse seguir unha ficha estándar de recollida de información onomástica. Certas liñas ficaron baleiras, debido á dispersión dos acumulados, que provocou a progresiva perda dos sobrenomes. Outras veces, foi a considerable antigüidade de moitos dos termos recollidos a que contribuíu, así mesmo, ó esquecemento dalgúns dos campos presentes na ficha de datos. É o caso de moitos dos nomes reais dos acumulados, que poden estar incompletos debido a que o sobrenome do home ou da muller designados estaba tan interiorizado na sociedade que substituíu para tódolos efectos o seu nome verdadeiro. Tomouse a liberdade de engadir na ficha un dato novo, o do lugar de procedencia de cada persoa dentro da parroquia. Constitúe esta unha información complementaria moi útil, xa que en certos casos o alcume vén dado polo lugar de orixe do nomeado. Ó estrutura-lo corpus pre-

sentáronse, en primeiro lugar, os alcumes, estando englobados dentro deles tanto aqueles que denotan un ton neutro ou positivo coma os *malnomes*. A continuación foron incluídos os nomes de casa, presentes nun número máis reducido. A ficha usada constou polo tanto dos seguintes datos:

Alcume:	(alcuña ou sobrenome)
Xénero:	(masculino/ feminino)
Idade:	(Vivo / morto/ idade)
Lugar de orixe:	(nome do lugar ou aldea do que procedía)
Etimoloxía:	(orixes no léxico común: <i>Pega</i> / <i>Merlo</i> / creación mediante procesos compositivos, derivativos: / castelanismos / termos inventados: <i>Pimpinís</i> / nomes propios alterados: <i>Satalín</i>)
Motivación:	(causa/s da denominación)
Campo semántico:	(engloba aqueles alcumes relacionados con feitos anecdóticos, hábitos, trazos físicos do nomeado...)
Características lingüísticas:	(vogal tónica, gheada...)
Documentación comparativa:	(presenza noutras zonas de Galicia rexistrada polos estudosos)
Observacións:	(características especiais do alcumado, da adquisición do termo ou outras)

De tódolos campos mencionados anteriormente os máis produtivos para o noso estudo posterior resultaron ser os da etimoloxía e o dos diferentes campos semánticos nos que se engloban cada un dos alcumes.

As características lingüísticas fundamentais dos alcumes son por un lado, unha grande inestabilidade, por outro, a variedade en tódalas súas fronteas. Como di Fernando Tato (1992: 366):

Os alcumes son posuidores dunhas cualidades que os distinguen claramente doutras clases nominadoras como poidan se-los nomes de pía ou os apelidos. Son signos non arbitrarios, isto é, motivados, constitúen un grupo aberto e teñen un alto grao de inestabilidade, tanto semántica como formal.

Isto pódese constatar no compendio de sobrenomes recollidos na parroquia das Encrobas. Pódese falar da existencia de cinco tipos de alcúñas:

- De persoa: este modelo ten carácter exclusivo, e moitas veces é herdado (*O Canelas, O Médico, O Sansón*).
- De casa: engloba a tódolos habitantes dunha casa (*As do Pazo, Os da Casa Grande*).
- De familia: liga a todo un clan familiar (*As da Brétima, As do Miolo*).
- De grupo: marcan un carácter ou profesión común.
- De núcleo de poboación: designan toda unha comunidade.

Durante o proceso de recompilación de alcumes adscritos á zona das Encrobas só se recolleron termos pertencentes ás tres primeiras tipoloxías.

María Xesús Anido Silvosa e Maribel González Rei na súa obra *Un tipo especial de unidade fraseolóxica: os alcumes* (1996) establecen unha proposta de clasificación formal que resulta axeitada para aplicar ó noso corpus. Consta de catro partes referidas á fonética, á morfoloxía á sintaxe e ó léxico.

No campo da fonética é destacable a presenza de fenómenos tales como adaptacións de voces estranxeiras (*O Satalín*: adaptación do nome do ditador Stalin) ou vulgarismos (*O Sirigüelo*: posible orixe no termo castelá *ciruelo* / *O Pisquiriu*: alteración da forma verbal *percibiu*). Ademais é posible observar vacilacións propias dos informantes á hora de transmitir os sobrenomes. Son exemplos casos como a alternancia de vogais átonas que sofren alcumes coma *O Custureiro* / *Costureiro*, propias da lingua oral, ou a escasa presenza de fenómenos como a gheada. A economía da linguaxe fonética no proceso de creación dos alcumes é fundamental, e os desvíos da norma moitas veces veñen provocados precisamente por esa necesidade de aforro espacial. A transgresión da norma da economía da linguaxe fonética utilizando, en certos casos, termos multisílabos coma *alcuñas* denota un maior interese por atraer a atención do oínte (*O Puerta del Molino*). As particularidades de orde fonética son escasas ó tratarse de termos maioritariamente pertencentes ó léxico común, polo que se considerou innecesario incluír na ficha de datos un parágrafo que consignase a transcripción de cada un dos alcumes.

A inestabilidade formal de que falabamos antes ponse de manifesto en determinados fenómenos relacionados coa morfoloxía. Os principais comprenden o uso de numerais como alcumes (*O Catorce*) ou a existencia de creacións sufixais inexistentes na lingua (*O Costiñán*). Así mesmo, pódense observar feminizacións, masculinizacións e pluralizacións anormais (*O Cajetillas, A Gaduñas*), e casos de derivación e composición (*O Quilín, O Caca Mol*), que constitúen unha clara mostra da gran riqueza de formación que existe neste ámbito morfolóxico. Moitas veces a alteración de xénero e número de palabras en principio invariables dá como resultado creacións léxicas (*A Grila*), mentres que noutros casos as pluralizacións non constitúen unha alteración da norma, como se observa nos nomes de familia, que designan unha

colectividade de individuos ligados por lazos parentais (*Os Pilitos, Os do Pancho, Os do Quente*).

O proceso de creación dos sobrenomes engloba moitas posibilidades. Aínda que a derivación –sobre todo a alterativa diminutiva en *-iño, -iña* (*O Tenentiño, O Pomariño*)– é un proceso recorrente a causa da súa produtividade, no noso repertorio utilízase pouco, xa que a gran maioría dos alcumes son nomes comúns usados sen alteracións, de forma metafórica. No noso corpus, as formas afectadas por procesos alterativo-diminutivos asumen valores distintos das do nome común orixinario que non veñen dadas necesariamente polo sufixo. Moitas veces o diminutivo úsase en determinado alcume escatolóxico ou pexorativo para mitiga-la excesiva dureza do mesmo (*O Merdiñas*), ou para acentua-lo seu contido humorístico.

En ocasións, rexistramos no repertorio o uso de nomes propios ou comúns que semellan irrecoñecibles a causa do alto grao de alteración sufrida. É o caso de termos antes mencionados coma *O Satalín*. Estes últimos exemplos son escasos dentro da tipoloxía xeral dos sobrenomes, pois unha das súas características principais é a necesaria transparencia, derivada da súa función social.

Dentro do corpus estudado, a presenza de alcumes simples que parten de substantivos, derivados dun desexo inconsciente por parte do anónimo creador de facilita-la fluidez da conversa oral, son os máis representativos (*O Cardador, O Demo*). Aínda así, pódese observa-la presenza de determinados sobrenomes compostos. Estes poden estar formados por dous substantivos ligados pola preposición de (*Toniño do Monte*), pola conxunción de verbo e substantivo (*O Mata Pobres*) ou por asociacións de lexemas (*O Cara Cortada, O Media Cara*). Dentro do campo da morfoloxía referida ós alcumes das Encrobas cabe falar, por último, das determinacións individualizantes que afectan a este tipo especial de nomes propios. A presenza no alcume do determinante ou actualizador é fundamental, porque nel reside o verdadeiro xénero e número do mesmo. Temos exemplos en casos de empregos de substantivos femininos para designar a homes (*O Peseta*), ou á inversa (*A Pasadores*). Estas alteracións da norma establecida segundo Fernando Tato (1992) producen unha maior expresividade, adecuada ó contexto e ó ton oral, distanciando así ó sobrenome da súa antiga condición de termo común. Non obstante, hai exemplos nos que o actualizador non resulta fiable e hai que considerar todo o contexto: *A Burra* (alcume referido a un home).

No campo da sintaxe cabe destacar as xeneralizadas elipses en nomes de casa como *As* (mulleres) *do Pazo* ou *Os* (homes ou habitantes) *da Casa Grande*.

A presenza de voces e de sufixos desinenciais castelás (*O Cajetillas, O Campanillas, O Chiquito*) son os principais fenómenos de orde léxica que se rexistran. Os principais campos léxicos que atopamos no noso repertorio foron os relacionados con feitos anecdóticos (*O Asesino*: dicíase que matara un home cando era novo / *O Cego*: finxira unha cegueira para evita-lo servizo militar), oficios (*O Zoqueiro, O Tecelán, Os do Taberneiro*), particularidades físicas (*O Pequeno, O Carantoñán, O Moreno, O Gorecho, O Orella da Cadela*: tiña as orellas moi separadas da cara), hábitos ou costumes (*O Treboeira*: O alcumado acostumaba falar acotío do

tempo / *O Tren*: tiña sona de realizar percorridos moi longos en pouco tempo) e nomes de animais (*O Raposo, O Rato, O Cuco, O Merlo, O Mono, A Ran, O Raposo, O Rato*). Ademais, é constante a presenza de sobrenomes derivados de relacións de parentesco moi marcadas (*Os do Viudo*). O campo sexual ou escatolóxico é bastante escaso na zona estudada (*O Cu de Pau, O Merda Seca, A Pepa dos Coños*). Temos que ter en conta, á hora de comentar este aspecto, que a fonda relixiosidade dos informantes seguramente motivou un esquecemento consciente ou inconsciente de moitos alcumes deste tipo. Segundo Anido Silvosa e González Rei (1996), os sobrenomes tamén poden indicar afección, anécdota, apelido, carácter, colectivo, desexo, relación cos devanceiros, estado físico, habilidade, lugar de residencia, ocupación, orixe, parentesco, relación con personaxes famosas e propiedade.

3. Conclusións

Como conclusión á nosa análise desta colección de 115 alcumes procedentes da parroquia das Encrobas é necesario aclarar que a fermosa mostra da inventiva popular que tivemos nas mans comprendeu só unha pequena porción de tódolos sobrenomes que existiron inicialmente no lugar, xa que unha gran parte se perdeu por mor das especiais circunstancias que afectaron á comarca. Os trazos fundamentais que resumen o noso estudo son:

No ámbito antropolóxico, a conciencia por parte do recompilador da importancia da recuperación dun repertorio en perigo de extinción procedente dunha comunidade hoxe espallada e inconexa.

No ámbito lingüístico son destacables fenómenos coma a grande abundancia de castelanismos concentrados en termos completos ou desinenciais e o pouco uso de procesos moi frutíferos noutras zonas de Galicia coma a derivación ou a composición descritiva. No seu lugar apréciase unha maioritaria creación de alcumes a partir de termos procedentes da lingua común, afectados en ocasións por procesos tales coma masculinizacións, feminizacións ou pluralizacións. Pódese dicir, polo tanto, que o corpus de alcumes estudado destaca pola súa sinxeleza e apego, tanto formal coma semántico, ás formas orixinarias a partir das que se crearon.

4. Apéndice: Alcumes e nomes de casa da parroquia das Encrobas

Alcumes

Asesino (O)	Gastador (O)	Pomariño (O)
Borraxeiro (O)	Gaduñas (A)	Puerta del Molino (O)
Braña, Pedro o da	Gorecho (O)	Puto (O)
Burra (A)	Grila (A)	Quilín (O)
Cacamol (A)	Guicho (O)	Quirino (O)
Cagallas (O)	Lacenas (O)	Rabelo (O)
Cajetillas (O)	Maduro (O)	Ran (A)
Campanillas (O)	Mata Pobres (O)	Raposo (O)
Canelas (O)	Media Cara (O)	Rato (O)
Canteira (A)	Médico (O)	Recadén (O)
Cara Cortada (O)	Melón (O)	Repolo (O)
Carantoñán (O)	Merda Seca (O)	Río de Gontón,(Os do)
Cardador (O)	Merdiñas (O)	Ruco (O)
Casarellas (As)	Merlo (O)	Sansón (O)
Catorce (O)	Mono (O)	Santo da Capilla (O)
Cego (O)	Monte, Toniño do	Satalín (O)
Chiquito (O)	Monteiro (O)	Saxofón (O)
Choca (A)	Moreno (O)	Serrador (O)
Chotas (O)	Muxicas (O)	Sirigüelo (O)
Churín (O)	Orella da Cadela	Tagarón (O)
Coños, Pepa dos	Pacencias (O)	Tarroeiro (O)
Cosca (A)	San Paio (O)	Tato (O)
Costiñán (O)	Panso (O)	Tecelán (O)
Cu de Pau (O)	Pasadores (A)	Topete
Cuco (O)	Paspallás (O)	Torno (O)
Currano (O)	Pastillas (O)	Treboeira (O)
Curvas (O)	Pega (A)	Tren (O)
Costureiro (O)	Pequeno (O)	Trondes
Demo (O)	Perella (O)	Xanete (O)
Encanado (O)	Peseta (A)	Xirifo (O)
Encrucillada (O)	Picho (O)	Xiroco (O)
Flautista (O)	Pichón (O)	Zoqueiro (O)
Frica (O)	Pimpinís (O)	
Furón (O)	Pisquiriu (O)	

Nomes de casa

Brétema (As da)

Campanas (Os de)

Casa Grande (Os da)

Cura (Os do)

Gaiteira (os da)

Galería (Os da)

Marta da Capilla (Os da)

Miolo (As do)

Pancho (Os do)

Pazo (Os do)

Pilitos (Os)

Queixas (Os de)

Quente (Os do)

Taberneiro (Os do)

Tenentiño (Os do)

Viudo (Os do)

BIBLIOGRAFÍA

- Abuín Ces, Dorinda (1996): «E logo ti...¿de quen vés sendo», en Alexandre Rodríguez Guerra (ed.): *Galicia dende Salamanca*. Salamanca: Xunta de Galicia / Universidade de Salamanca, pp.
- Anido Silvosa, María Xesús / Maribel González Rei (1996): «Un tipo especial de unidade fraseolóxica: os alcumes». *Boletín de Seminario Fontán - Sarmiento* XVII, pp. 25-54.
- Carreras y Candi, F. (1980): *Geografía General del Reino de Galicia*, 13 vols. A Coruña : Ediciones Gallegas.
- Herrero Pérez, Nieves (1995): *As Encrobas, unha memoria expropiada*. A Coruña: Novo Século.
- Tato Plaza, Fernando R. (1992) «Notas de onomástica a propósito dos alcumes en A taberna do galo», en *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, vol. I. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 361-374.
- V.V.A.A. (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- V.V.A.A. (2000): *Gran Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Vila Nova, Alfredo da (1982): «Sobrenomes e alcuñas de Beluso (Bueu)», *Museo de Pontevedra* 36, Pontevedra: Museo de Pontevedra, pp. 435-442.